


xosé tomás

COMPAÑEIRO

Homenaxe ás vítimas do Portiño



Iª Edición: Novembro 2008

© 2008

Xosé Tomás

© 2008

Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña

Edita:

Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña

Guión e debuxo:

Xosé Tomás

Deseño xeral:

Xosé Tomás

Depósito legal:

C 4286-2008

Reservados todos os dereitos. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei.



QUERIDOS AMIGOS, COMPAÑEIROS: ANTES DE NADA, TEÑO QUE RECONECER QUE DENDE A DISTANCIA TODO O SUCEDIDO SE VE MÃIS CLARO

PERO IGUALMENTE TERRIBLE



ESTA FORTUNA DE TER FUXIDO DA BARBARIE ESTÃ A ME ROER A CONCIENCIA

FUXIRI! DUNHA
CIDADE QUE
SE CONVERTERA
NUNHA PRISIÃO



NA QUE UN SOBRESALTO
SEGUÍA A OUTRO



E NON QUEDABA
MÃIS REMEDIO QUE
AGOCHARSE



DESFIGURARSE



OCULTAR O
PROPIO SER



E PERDER A DIGNIDADE DOUTRORA



UNHA CIDADE NA QUE
A ÚNICA SAÍDA ERA A
CLANDESTINIDADE



AS REUNIÕES CLANDESTINAS



AS FUXIDAS CLANDESTINAS

E ALÍ ESTABA...O MAR!!




NON ERA A PRIMEIRA VEZ QUE UN BARCO ERA TOMADO POLA FORZA



SECUESTRADO O PATRÓN



E OBRIGADO A VIRAR O RUMBO





NAQUELA OCASIÓN VALÍA PENA:
HABÍA MOITAS VIDAS EN XOGO



MENTRES TANTO, O BOSQUE FACÍA DE PUNTO DE ENCONTRO ENTRE XENTE DE TODOS OS LUGARES




OS BOTES LEVARÍANOS AOS BARCOS



E OS BARCOS Á VIDA





PERO ESE
DÍA OS
BARCOS NON
CHEGARON



PORQUE ALGÜN ESTÚPIDO SE
FORA DA LINGUA

ESTÚPIDO!!





ERA PRECISO DICÍRLELO



OS BARCOS NON VIRÍAN



PERO TAL AVISO...



... NON FOI NECESARIO

SEICA AQUELA NOITE CHOVIA



PERO NINGUÉN SE DECATOU



E O MAR FOI PARA ALGUNS
LUGAR DE DESCANSO




OUTROS SALVÂRONSE NAS
ROCHAS DO CANTIL

OU BOTÂRONSE AO MONTE










AGORA, DENTE
LONXE, UN SÓ
PENSA NUN
FUTURO
REPARADOR



NO QUE NON SE REPITAN OS ERROS





A piece of aged, yellowish paper is placed on a dark brown wooden surface. On the paper, a list of 20 names is written in a black, serif font, slanted upwards from left to right. To the right of the paper, a silver fountain pen lies horizontally. Below the pen, a portion of a silver inkwell is visible, showing its circular rim and a dark interior. The entire scene is framed by a dark border.

Salvador M. Domingo Lliso
Alejandro Dopico Saleta
José García Vázquez
Ramón Díaz Valeiro
Francisco Díaz Moreno
Antonio Lorenzo García
Federico Rivadulla Gómez
Luis Lafuente Naveira
Manuel Bergantiños Pose
Ramiro Fontenla Andujar
José Rodríguez Serantes
Manuel Tellado Villar
Antonio Vidal González
Manuel Baldomir Vázquez
Ramón González Canosa
José A. Boedo Núñez
Emilio Rodríguez Doldán
Genaro Pazos
Manuel Parga Suárez
Manuel Doldán Don

Adicado a todos eles

Tomás



O ano 1937 as vítimas de O Portiño pretenderon fuxir por mar, cara unha Asturias aínda republicana, ou a Francia, da brutal represión que os golpistas de 1936 exercían nunha cidade como A Coruña, onde a CNT, o entón poderoso sindicato anarquista, contaba, na súa sección denominada Despertar Marítimo, con 20.000 afiliados.

Nunha España quebrada polo odio o mar supoñía a única fronteira democrática, e o mar trouxo a liberdade ata en trece das vinte fugas clandestinas que se levaron a cabo.



Pero nesta ocasión un chivatazo fortuíto á Garda Civil abortou bruscamente o plan no pequeno peirao de O Portiño, ao pé do Monte San Pedro, nunha noite de chuvia do 3 de marzo na que un centenar de personas estaban á espera dos pesqueiros libertarios que nunca chegaron.



Cando a propia cidade se convertera nun cárcere, e o aire se volvera irrespirable, a única saída viable era a fuxida. Máis de cen persoas se preparaban para facelo, como outras tantas veces. Máis de cen persoas acubilladas, temerosas, ilusionadas, pretendían recuperar a súa liberdade... sen saber que aquel ía ser un fatídico día.